

A XUNTA INCREMENTA EN 245.000 EUROS A CONTÍA QUE SE DESTINA AOS CONCELLOS GALEGOS AO ABEIRO DO PLAN CONCERTADO

- ***Beneficia 25 municipios e poderá financiar 18 novos traballadores dos servizos sociais comunitarios***
- ***Ademais, amplía de media xornada a xornada completa o contrato doutros dous profesionais***

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe do incremento en 245.000 euros da contía que se destina aos concellos galegos ao abeiro do Plan concertado de 2018. Este novo aumento de fondos, que beneficia 25 municipios, poderá financiar 18 novos traballadores dos servizos sociais comunitarios e ampliar de media xornada a xornada completa o contrato doutros dous.

A maioría das entidades locais que reforzarán os seus equipos sociais grazas a esta medida son de carácter rural. Desta maneira, son 7 na provincia da Coruña (Ames, Arteixo, Betanzos, Carballo, Lousame, Noia e Oroso), 8 na provincia de Lugo (Guitiriz, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Samos, **O Saviñao**, Sober, Taboada e Valadouro) e 10 na de Ourense (Barbadás, Castrelo de Miño, Rubiá, Carballeda de Valdeorras, Trasmiras, Sarreaus, Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín).

En total, a contía que destina a Xunta de Galicia cada ano a financiar os equipos sociais básicos dos concellos pasou de 8,2 millóns de euros a 10,7 millóns de euros coa aprobación da Axenda Social Única. Deste xeito, hoxe hai 632 profesionais da área social traballando nos concellos con financiamento autonómico, cerca de 40 máis que hai unha década.

Cómpre indicar que a mellora dos servizos sociocomunitarios é unha das medidas que contén a Axenda Social Única, un dos fitos que conseguiu o Goberno galego na pasada lexislatura. Trátase dun documento pactado cos concellos galegos e coas entidades de loita contra a pobreza que recolle a aposta por uns servizos sociais de calidade e de proximidade.